



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Voz
DISCIPLINA	Dicción e expresión oral II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Beatriz Porrúa Refojo
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Beatriz Porrúa Refojo</p> <p>Horario titorías: Luns de 15:00 a 19:00</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: beaporrua@edu.xunta.gal</p>
DESCRICIÓN	<p>Coñecemento anatómico e fisiolóxico do aparato fonador. Recoñecemento e conciencia vocal. Relación entre os diferentes sistemas a través dos que se produce o son e a relación dos diferentes sistemas e o corpo. Preparación vocal e adestramento. Dominio de todos os aspectos da técnica vocal (respiración, resoadores, articulación, emisión, etc).</p> <p>A voz como instrumento creativo. Principios de comunicación verbal. Coñecemento en profundidade da lingua galega. Estudo da dicción: elementos técnicos e expresivos</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter superada a disciplina Dicción e expresión oral I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T6	Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o

	risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Incentivar a percepción de si mesmo e a súa propia voz para poder adecuala á relación cos outros e co espazo	T3, T6, T13, X1, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5
2. Entender e aplicar a escoita para poder comprender e asimilar a parte externa da fala escénica e o comportamento da voz nos diferentes espazos.	T3, T8, T13, X1, X5, EI1, EI2, EI3
3. Explorar e saber diferenciar os elementos constitutivos da voz falada (registros, entoacións, inflexións, ritmo, tempo, pausas...) para utilizalas a favor da interpretación do texto	T3, T6, T8, T13, T17, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3, EI5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A RESPIRACIÓN, O APOIO E A RESONANCIA	1.1 Adestramento e aplicación da respiración completa. 1.2 Adestramento e aplicación do apoio diafragmático. 1.3 Adestramento e aplicación dos diferentes tipos de resonancia.	20
2. A COMUNICACIÓN	2.1 Emisor e receptor. 2.2 A voz no espazo. 2.3 Movemento/Respiración/Voz.	18
3. A ESCOITA	3.1 Escoita activa. 3.2 Escoita interna e escoita externa	16
4. VOZ E TEXTO	4.1 Lectura orgánica de diferentes tipos de textos. 4.2 Fisicidade das palabras. 4.3 A palabra como xeradora de imaxes e emocións. 4.4 Adecuación velocidade mental/emocional/articulatoria. 4.5 Análise dos elementos constitutivos da voz falada: ritmo, entoación, pausa, inflexións... 4.6 Aplicación no texto dos diferentes parámetros da técnica vocal e da expresión oral.	36
TOTAL SESIÓNS		90

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	4	2	6
Exposición maxistral	4	4	8
Exposición práctico-teórica	5	9	14
Práctica individual	18	11	29
Práctica colectiva	20	16	36
Seminarios	2	4	6
Outros (Traballos de aula)	14	18	32
Titorías individuais	6		6
Actividades de avaliación. Probas	7	10	17
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	8	15	23
Actividades de avaliación. Revisión	2	1	3
TOTAL	90	90	180
PERCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia
Exposición maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Exposición teórico- práctica	Exposición por parte do/a docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución práctica
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo
Práctica colectiva	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno/a mantén co/ profesor/a da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, seguimento e coordinación de traballos, realización de actividades específicas vinculadas a competencias non adquiridas, clarificación de todo tipo de cuestións vinculados cos núcleos temáticos da disciplina, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.
Actividades de avaliación. Probas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios

	prácticos a resolver. Os/as alumnos/as deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentación/Mostras	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades de avaliación. Revisión.	Análise profesor/a-alumno/a dos recursos procedimentais empregados por este/a na resolución das probas e os seus resultados

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O/A alumno/a deberá establecer unha comunicación previa coa docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas de aula	T3, T6, T8, T13, X5, E11	25%
Presentación/mostras de aula	T3, T6, T8,T13,T17, X1, X5,X6, X7, E11,E12,E13, E15	25%
Observación e seguimento do proceso de aprendizaxe (Diario de aula)	T3, T6, T8,T13,T17, X1, X5,X6, X7, E11,E12,E13, E15	50%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas. O/A alumno/a deberá: <ol style="list-style-type: none"> 1. Realizar un quecemento ao comezo do exame. Dito quecemento deberá presentalo por escrito detallando os exercicios a executar, os obxectivos de cada un deles e a temporalización. 2. Presentar un traballo práctico sobre o material entregado pola/o docente. 3. Entregar unha memoria por escrito do proceso de creación do 	T3, T6, T8, T13, T17, X5, X6, X7, E11, E12,E13, E15	70%



<p>exercicio práctico. Deberá constar de:</p> <p>3a. Introducción</p> <p>3b. Obxectivos marcados.</p> <p>3c. Metodoloxía.</p> <p>3d. Conclusións.</p> <p>3e. Bibliografía.</p> <p>A memoria presentárase segundo os parámetros descritos no apartado de Observacións.</p> <p>4. Lectura dun texto entregado polo/a docente no momento do exercicio:</p> <p>4a. Lectura inmediata</p> <p>4b. Lectura orgánica</p> <p>5. O/A docente poderá pedir que o/a Alumno/a realice exercicios prácticos relativos ao temario e xa feitos na aula se así o considera.</p>		
<p>Traballo escrito sobre algún dos temas incluídos no temario e escollido polo/a docente e defensa oral do mesmo.</p>	T3, T8, T13, X1, X6,E11	30%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Probas teóricas. Conceptos fundamentais da materia. Exame no que o/a alumno/a deberá contestar ás preguntas expostas e abranguerá todo o temario da presente guía.</p>	T3, T6, T8, T13, X1, X6	25%
<p>Probas prácticas. O alumno deberá:</p> <p>1. Realizar un quecemento ao comezo do exame. Dito quecemento deberá presentalo por escrito detallando os exercicios a executar, os obxectivos de cada un deles e a temporalización.</p> <p>2. Presentar un traballo práctico sobre o material entregado pola docente.</p> <p>3. Entregar unha memoria por escrito do proceso de creación do exercicio práctico. Deberá constar de:</p> <p>3a. Introducción</p> <p>3b. Obxectivos marcados.</p> <p>3c. Metodoloxía.</p> <p>3d. Conclusións.</p> <p>3e. Bibliografía.</p>	T3, T6, T8, T13, T17, X5, X6, X7, E11, E12,E13, E15	50%

<p>A memoria presentarse segundo os parámetros descritos no apartado de Observacións.</p> <p>4. Lectura dun texto entregado polo/a docente no momento do exercicio:</p> <p>4a. Lectura inmediata</p> <p>4b. Lectura orgánica</p> <p>5.O/A docente poderá pedir que o alumno realice exercicios prácticos relativos ao temario e xa feitos na aula se así o considera.</p>		
<p>Traballo escrito sobre algún dos temas incluídos no temario e escollido pola/o docente e defensa oral do mesmo.</p>	<p>T3, T8, T13, X1, X6,E11</p>	<p>25%</p>

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- Berry, C. (2006) La voz y el actor. Barcelona. Ed. Alba.
- Blasco, V. (2006) Manual de técnica vocal. Ciudad Real. Ñaque Editores.
- Bustos Sánchez, I. (2003) La voz, la técnica y la expresión. Badalona. Ed. Paidotribo.
- Caballero, C. (1985) Manual para educar la voz hablada y cantada.México. Edamex.
- Domínguez Dapena, C. (2004) Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz. Vigo. Editorial Galaxia.
- McCallion, M. (2006) El gran libro de la voz. Barcelona. Ed. Urano

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Ósipovna Knébel, M. (1998) La palabra en la creación actoral. Madrid. Ed. Fundamentos.
- Stanislavski, C. (1985) La construcción del personaje. Madrid. Ed. Alianza

10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIÓN

- Os traballos escritos deberán respectar o formato APA7
- O alumnado que supere un **10% de faltas** no cómputo total de horas de docencia dunha disciplina perderá o dereito a avaliación continua.